

É importante salientar que nas clases de música de infantil o tempo é algo máis reducido ca nas de primaria, xa que temos que subir a pranta alta e despois voltar antes de que remate a clase.

OBXECTIVOS XERAIS DO CICLO:

- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Coñecer o esquema corporal e usar o corpo en conxunta con outras persoas.
- Controlar xestos e movementos ao realizar bailes.
- Relacionarse coas demais persoas dun xeito equilibrado, adquirindo pautas de comportamento social.
- Comunicarse oralmente e cantar en diferentes linguas con diferentes propósitos.
- Expresarse creativamente a través das diferentes manifestacións artísticas.
- Desenvolver sentimentos de autoconfianza nas producións artísticas.
- Interpretar vocalmente cancións.
- Realizar danzas colectivas.
- Coñecer algúns dos instrumentos da aula e doutras partes do mundo.

COMPETENCIAS CLAVE PARA TODO INFANTIL:

Dende a área de Música contribuímos ás diferentes competencias básicas do seguinte xeito:

- Competencia en comunicación lingüística (CL): con tódalas actividades que requiren un intercambio de ideas ou diálogos (debates, preguntas e respostas, etc...).
- Competencia matemática e en ciencias e tecnoloxía (CMCT): coa realización e imitación de diferentes ritmos de diferentes duracións; buscando vídeos sobre instrumentos musicais en internet, etc...
- Competencia dixital (CD): en actividades nas que empregaremos o ordenador ou a pizarra dixital.
- Competencia en aprender a aprender (AA): en debates ou actividades nas que os alumnos teñen que pensar, discurrir novos bailes, dar ideas...
- Competencias sociais e cívicas (CSC): nas actividades colectivas que van requerir a colaboración entre iguais.

- Sentido iniciativa e espírito emprendedor (IE): en actividades nas que teñen que pensar novos bailes para unha mesma música, por exemplo.
- Conciencia e expresións culturais (CEC): en actividades de interpretación vocal, instrumental... No coñecemento das costumes do entorno, instrumentos típicos, etc...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA TODO INFANTIL:

Os criterios de avaliación da área de Música en educación infantil serán:

- Recoñece as partes do corpo e representa o esquema corporal.
- Coordina e controla os movementos do seu corpo, de xeito individual, e en relación cos demais compañeiros.
- Participa en xogos colectivos con creatividade.
- Explora obxectos e materiais do contorno e fai música con eles.
- É capaz de escoitar e de expresar as súas ideas.
- Adecúa o movemento corporal ao ritmo da música e aos movementos dos demais compañeiros.
- Coñece os instrumentos musicais presentes na aula.
- Relaciónase cos compañeiros dunha maneira equilibrada, adquirindo pautas de comportamento social.
- Canta en grupo pezas ou retrosos sinxelos.
- Dramatiza cancións.
- Desenvolve sentidos de autoconfianza nas producións artísticas.

De todos modos, en cada avaliación iranse escollendo os ítems máis apropiados para cada curso.

4º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL:

1º TRIMESTRE:

OBXECTIVOS:

- Descubrir as posibilidades de acción e expresión corporal.
- Controlar xestos e movementos ao realizar bailes.

- Adecuar o movemento corporal ao ritmo da música e aos movementos dos demais compañeiros.
- Relacionarse cos compañeiros dunha maneira equilibrada, adquirindo pautas de comportamento social.
- Cantar en grupo pezas ou retrousos sinxelos.
- Desenvolver sentidos de autoconfianza nas producións artísticas.
- Diferenciar o son e o silencio e discriminar sons fortes e débiles.
- Coñecer o que é un conto musicado e que nos permite expresar a música.
- Conseguir que o alumnado practique con xogos e xoguetes tradicionais de xeito espontáneo.

CONTIDOS:

- Interiorización da imaxe corporal.
- Gozo cos xestos, movementos, xogos, danzas...
- Xogos e xoguetes tradicionais.
- Participación en xogos de actividade motriz.
- Control de xestos e movementos.
- Habilidades para a interacción e a cooperación.
- As normas de funcionamento nos grupos.
- Potenciación da imaxinación e a fantasía.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz e do corpo.
- Interpretación de bailes.
- Expresión de sentimentos a través da música.

RECURSOS E MATERIAIS:

- Ordenador.
- Radio-CD.
- Pandeiro.
- O propio corpo (percusión corporal).
- Materiais cotiás para facer instrumentos.

ACTIVIDADES:

- Baile libre da canción “O Samaín”, onde realizaremos unha coreografía fixa nos retrousos.
- Con palmas, traballamos unha cualidade do son: a intensidade (mediante a distinción de palmas fortes e palmas suaves).

- Visualización de contos musicados: “Os tres porquiños”.
- Con música relaxante, o mestre realizará uns movementos que deberán imitar os alumnos.
- Vemos un vídeo da celebración do Magosto en diferentes lugares de Galicia e falamos sobre o que é o Magosto.
- Co CD “Aprendiendo a escuchar”, tratamos de diferenciar sons e rúidos.
- Contamos o conto do “Señor don Gato” e cantámo-la canción xestualizando.
- Facemos o xogo das estatuas (movéñse coa música e ao parar esta teñen que quedarse quedos).
- Interpretación vocal e visualización da canción “Eu son un artista”, de Mamá Cabra.
- Interpretación vocal da panxoliña “Os pitiños” e dramatización mentres a escoitamos.
- Realizamos música cos materiais que temos presentes na aula (papeis, caixas, lápiz...).
- Canción “Todo o mundo vai”.

ACTIVIDADES DE REFORZO:

- Á hora de realizar actividades para traballar a intensidade, falamos sobre o que é un son forte e un suave, buscamos exemplos ao noso arredor, etc...
- Para reforzar a escoita atenta, en silencio total escoitamos para tentar clasificar en sons agradables ou desagradables todo o que oímos no colexio e arredores, etc...

2º TRIMESTRE:

OBXECTIVOS:

- Descubrir as posibilidades de acción e expresión corporal.
- Controlar xestos e movementos ao realizar bailes.
- Descubrir o xogo como medio que favorece o respecto ás demais persoas.
- Interpretar vocalmente cancións sinxelas.
- Apreciar os elementos significativos da nosa cultura (entroido).
- Comunicarse oralmente e cantar nas dúas linguas oficiais con diferentes propósitos.
- Expresarse creativamente a través das diferentes manifestación artísticas.

- Desenvolver sentimentos de autoconfianza nas producións artísticas.

CONTIDOS:

- Potenciación da construción do esquema corporal.
- Participación en xogos de actividade motriz.
- Interpretación vocal de cancións.
- Incorporación de pautas adecuadas de comportamento.
- Participación de forma oral en narracións, xogos, etc...
- Tradicións galegas: o entroido.
- Exploración das posibilidades sonoras da propia voz e do corpo.
- Gozo cos xogos e obras artísticas.
- Creación de movementos a partir de músicas.
- Realización de danzas grupais.
- Realización de ecos vocais e instrumentais.

RECURSOS E MATERIAIS:

- Teclado eléctrico.
- Danzas musicais.
- Instrumental Orff da aula.
- Ordenador.
- O propio corpo (percusión corporal).

ACTIVIDADES:

- Baile da danza “Koja, Koja”, que nun primeiro momento bailarán os nenos e imitando ao mestre e na que despois poderán bailar libremente.
- Traballamos unha cualidade do son: a duración. Probamos a facer sons longos e curtos cos instrumentos musicais que temos na aula.
- Visualización dun video sobre o Entroido en Galicia. Falamos sobre o que é, en que consiste?....
- Visualizamos un video de instrumentos de percusión moi coñecidos. Despois tocamos os que temos na aula e dicimos o nome deles para empezar a coñecelos.
- O mestre toca ritmos co instrumental da aula, que os nenos tentarán imitar en eco coas palmas.
- Interpretación vocal da canción “Coa man na...”, onde os nenos terán que ir colocando a man onde indique a letra da canción.

- Realización de movementos que se adecúen á música que escoitamos (rápida/lenta).
- Visualización do conto musicado “a lebre e a tartaruga”, onde vemos a asociación da música rápida á lebre (que corre) e música lenta á tartaruga (que é moi lenta).
- Escoitamos a canción “os animais”, de Luar na Lubre e acompañámola marcando o pulsos cos instrumentos de percusión de altura indeterminada.
- Conto e canción: “Garavanciño”.

ACTIVIDADES DE REFORZO:

- Ao rematar de realizar a canción “coa man na...”, falamos das partes do corpo que tivemos que tocar. Tamén repasamos outras partes do corpo.

3º TRIMESTRE:

OBXECTIVOS:

- Descubrir as posibilidades e acción e expresión corporal.
- Controlar xestos e movementos ao realizar bailes.
- Adecuar os nosos movementos aos dos nosos compañeiros.
- Relacionarse coas demais persoas dun xeito equilibrado, adquirindo pautas de comportamento social.
- Comunicarse oralmente e cantar nas dúas linguas oficiais con diferentes propósitos.
- Expresarse creativamente a través das diferentes manifestación artísticas.
- Desenvolver sentimentos de autoconfianza nas producións artísticas.
- Interpretar vocalmente cancións.
- Realizar danzas colectivas.
- Coñecer algúns dos instrumentos da aula e doutras partes do mundo.

CONTIDOS:

- Potenciación da construción do esquema corporal.
- Participación en xogos de actividade motriz.
- Interpretación vocal de cancións.
- Incorporación de pautas adecuadas de comportamento.
- Realización de danzas colectivas.
- Coñecemento do instrumental da aula.

- Adquisición de normas de comportamento dun grupo.
- Interese pola exploración de obxectos e materiais.
- Utilización progresiva da lingua oral para comunicar ideas.
- Audición atenta de obras musicais.
- Os instrumentos do mundo.

RECURSOS E MATERIAIS:

- Teclado eléctrico.
- Instrumental Orff.
- O propio corpo (percusión corporal).
- Ordenador.
- Materiais para facer ruídos.
- Danzas.

ACTIVIDADES:

- Xogo onde con cada acorde que dea o mestre no teclado os nenos terán que facer un movemento, e ás veces terán que atender ás indicacións do mestre (todos ao chan, mans arriba, etc...).
- Interpretación da peza “os nenos de tres anos”.
- Tocamos os instrumentos de placas da aula (xilófono, metalófono e carillóns) e tentamos descubrir as súas diferencias (tanto visuais como auditivas).
- Vemos un video con instrumentos típicos doutros continentes (bongoes: África, frauta de pan: Sudamérica, didjeridou: Australia)...
- Facemos xogos de audición, onde os nenos estarán cos ollos pechados e terán que recoñecer os ruídos que fai o mestre.
- Repaso dalgún dos bailes traballados durante o curso, dos contos musicados presenciados, das canción que aprendemos...

ACTIVIDADES DE REFORZO:

- Recitado previo de cancións antes de cantalas con música.
- Ao realizar o xogo de adiviñar os sons cos ollos pechados, daremos pistas sobre con que estamos a facer os ruídos (cun moble que serve para sentarse, ou cun que permite entrar o aire da rúa, etc...).
- En certo modo, o repaso do traballado durante o curso xa supón reforzar todo o aprendido.

5º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL:

1º TRIMESTRE:

OBXECTIVOS:

- Descubrir as posibilidades e acción e expresión corporal.
- Controlar xestos e movementos ao realizar bailes.
- Adecuar o movemento corporal ao ritmo da música e aos movementos dos demais compañeiros.
- Comunicarse verbalmente nas dúas linguas oficiais.
- Relacionarse cos compañeiros dunha maneira equilibrada, adquirindo pautas de comportamento social.
- Cantar en grupo pezas ou retrosos sinxelos.
- Dramatizar cancións.
- Desenvolver sentidos de autoconfianza nas producións artísticas.
- Discriminar sons fortes e débiles.
- Conseguir que o alumnado practique con xogos e xoguetes tradicionais de xeito espontáneo.

CONTIDOS:

- Interiorización da imaxe corporal.
- Gozo cos xestos, movementos, xogos, danzas...
- Xogos e xoguetes tradicionais.
- Participación en xogos de actividade motriz.
- Control de xestos e movementos.
- Habilidades para a interacción e a cooperación.
- Dramatización de textos.
- As normas de funcionamento nos grupos.
- Potenciación da imaxinación e a fantasía.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz e do corpo.
- Creación de bailes.

RECURSOS E MATERIAIS:

- Teclado eléctrico.
- Instrumental Orff.
- O propio corpo (percusión corporal).
- Ordenador.

ACTIVIDADES:

- Falamos sobre o Samaín, en que consiste? como o celebramos?...
- Interpretamos vocalmente a canción “O Samaín”, de Mamá Cabra e bailámola.
- Visualización do conto musicado “Paco Papán”, dramatizámolo con xestos e cantámolo.
- Xogo no que nos movemos ao ritmo dun pandeiro. Cando realicemos un golpe co prato, os alumnos detéranse e realizarán movementos amplos, estirándose.
- Presentación dos instrumentos de percusión de altura indeterminada da aula, permitíndolles que os toquen.
- Xogo das estatuas: Movémonos ao ritmo da música e cando esta para, temos que quedar parados.
- Visualizamos un video sobre os festexos do Magosto en Galicia, e falamos sobre o outono, as castañas, o lume...
- Cantamos a canción “Durmiña nun ourizo” acompañados do piano.
- Preguntamos: Para facer música fan falla instrumentos musicais? Falamos da percusión corporal e buscamos as diferentes posibilidades.
- Xogos de presentación usando a percusión corporal.
- Interpretación vocal e dramatización da panxoliña “Os pitiños”.
- Xogos de recoñecemento auditivo dunha cualidade do son: a intensidade (forte/piano). Tocamos o pandeiro e os nenos deberán estirarse (cando os sons son fortes) ou andar agachados (cando o son é suave).
- escoita e interpretación nos instrumentos de percusión de altura indeterminada, para tentar diferenciar os sons que producen diferentes materiais (claves-madeira, triángulos-metal...).
- Canción “Yupi jai”.

ACTIVIDADES DE REFORZO:

- Realización dos pasos dos bailes previamente á escoita da música, e explicación por separado.

- Recitado previo dos textos que vaiamos cantar.
- Para comprender con facilidade a cualidade da intensidade, buscamos exemplos con anterioridade ao traballo cos instrumentos.

2º TRIMESTRE:

OBXECTIVOS:

- Descubrir as posibilidades e acción e expresión corporal.
- Controlar xestos e movementos ao realizar bailes.
- Descubrir o xogo como medio que favorece o respecto ás demais persoas.
- Interpretar vocalmente cancións sinxelas.
- Diferenciar sons longos e curtos.
- Apreciar os elementos significativos da nosa cultura (entroido).
- Expresarse creativamente a través das diferentes manifestación artística.
- Desenvolver sentimentos de autoconfianza nas producións artísticas.

CONTIDOS:

- Potenciación da construción do esquema corporal.
- Participación en xogos de actividade motriz.
- Interpretación vocal de cancións.
- Incorporación de pautas adecuadas de comportamento.
- Sons longos e curtos.
- Tradicións galegas: o entroido.
- Exploración das posibilidades sonoras da propia voz e do corpo.
- Gozo cos xogos e obras artísticas.
- Creación de movementos a partir de músicas.
- Realización de danzas grupais.
- Realización de ecos vocais e instrumentais.

RECURSOS E MATERIAIS:

- Teclado eléctrico.
- Instrumental Orff.
- O propio corpo (percusión corporal).
- Ordenador.

ACTIVIDADES:

- Interpretación vocal do “Himno á alegría” en galego.
- Interpretación vocal e visualización do video da canción “Susanita tiene un ratón”.
- Baile da danza “Seven jumps”.
- Realización de ecos rítmicos mediante o uso da percusión corporal e cos instrumentos da aula.
- Visualizamos un video sobre os festexos do Entroido en Galicia (Laza, peliqueiros). Preguntamos se saben o que é, e falamos sobre os entroido e as súas tradicións e celebracións...
- Cantamos a canción “Entroido entroideiro” e acompañámola con pandeiros e claves.
- Xogo onde nos movemos ao ritmo da música, e cando esta para quedan quietos atendendo ás ordes do mestre (todos sentados, coas mans nas orellas dun compañeiro, etc...).
- Visualización dun vídeo coa canción “Mi barba tiene tres pelos”.
- Interpretación vocal da canción “Eu vou ao colexio”, que bailaremos libremente.
- Visualización dun conto musicado: “O Papón”.
- Traballamos cunha cualidade do son: a duración. Probamos os instrumentos da aula para ver se producen sons fortes ou sons curtos.
- Realizamos un baile da peza “Coa man na...”, atendendo ás indicacións do mestre.
- Canción “Pois imos contar un conto”.

ACTIVIDADES DE REFORZO:

- Recitado das letras das cancións, previamente á interpretación vocal das mesmas.
- Para explicar claramente a duración dos sons musicais, falamos dos sons longos ou curtos que nos podemos atopar na natureza, por exemplo.

3º TRIMESTRE:

OBXECTIVOS:

- Descubrir as posibilidades e acción e expresión corporal.
- Controlar xestos e movementos ao realizar bailes.
- Adecuar os noso movementos aos dos nosos compañeiros.

- Relacionarse coas demais persoas dun xeito equilibrado, adquirindo pautas de comportamento social.
- Comunicarse oralmente e cantar nas dúas linguas oficiais con diferentes propósitos.
- Expresarse creativamente a través das diferentes manifestación artística.
- Desenvolver sentimentos de autoconfianza nas producións artísticas.
- Interpretar vocalmente cancións.
- Realizar danzas colectivas.
- Coñecer algúns dos instrumentos da aula e doutras partes do mundo.

CONTIDOS:

- Potenciación da construción do esquema corporal.
- Participación en xogos de actividade motriz.
- Interpretación vocal de cancións.
- Incorporación de pautas adecuadas de comportamento.
- Realización de danzas colectivas.
- Importancia da música para a expresión de ideas, sentimentos...
- Coñecemento do instrumental da aula.
- Adquisición de normas de comportamento dun grupo.
- Interese pola exploración de obxectos e materiais.
- Utilización progresiva da lingua oral para comunicar ideas.
- Audición atenta de obras musicais.
- Os instrumentos do mundo.

RECURSOS E MATERIAIS:

- Teclado eléctrico.
- Instrumental Orff.
- O propio corpo (percusión corporal).
- Ordenador.

ACTIVIDADES:

- Interpretación vocal da peza “Os nenos de catro anos”.
- Visualizamos o conto musicado “A lebre e a tartaruga”, onde observamos a correspondencia música rápida-lebre e música lenta-tartaruga.
- Tocamos os instrumentos de placas da aula (xilófonos e metalófonos) e facemos ritmos neles.

- Realizamos o baile para a canción “Caracolito, quien como tú”.
- Presenciamos o conto musicado “El pájaro de fuego”, de Stravinsky e falamos sobre o que ocorre nel.
- Xogos de silencio: Paseamos pola escola para escoitar os sons que nela se producen e anotámoslos no encerado.
- Realizamos a modo de repaso do traballado no curso algunhas das danzas traballadas, as pezas cantadas, repasamos os instrumentos...
- Canción con movemento: “O tren de Martiño”.

ACTIVIDADES DE REFORZO:

- Recitado previo de cancións antes de cantalas con música.
- En certo modo, o repaso do traballado durante o curso xa supón reforzar todo o aprendido.

6º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL:

1º TRIMESTRE:

OBXECTIVOS:

- Descubrir as posibilidades e acción e expresión corporal.
- Controlar xestos e movementos ao realizar bailes.
- Adecuar o movemento corporal ao ritmo da música e aos movementos dos demais compañeiros.
- Coñecer o que é un conto musicado.
- Relacionarse cos compañeiros dunha maneira equilibrada, adquirindo pautas de comportamento social.
- Cantar en grupo pezas ou retrosos sinxelos.
- Dramatizar cancións.
- Desenvolver sentidos de autoconfianza nas producións artísticas.
- Discriminar e repetir sons fortes e débiles.
- Conseguir que o alumnado practique con xogos e xoguetes tradicionais de xeito espontáneo.

CONTIDOS:

- Interiorización da imaxe corporal.

- Gozo cos xestos, movementos, xogos, danzas...
- Xogos e xoguetes tradicionais.
- A correspondencia entre música-texto-imaxes.
- Participación en xogos de actividade motriz.
- Habilidades para a interacción e a cooperación.
- Dramatización de textos.
- As normas de funcionamento nos grupos.
- Potenciación da imaxinación e a fantasía.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz e do corpo.
- Creación de bailes.

RECURSOS E MATERIAIS:

- Teclado eléctrico.
- Instrumental Orff.
- O propio corpo (percusión corporal).
- Ordenador.

ACTIVIDADES:

- Visualización do conto musicado “O Papón” e interpretación vocal (karaoke).
- Interpretación vocal e baile libre da peza “O Samaín”, de Mamá Cabra.
- Realización dunha coreografía para a danza “Oh Susana”.
- Práctica de ritmos de percusión corporal, indagando nas posibilidades que nos ofrece o corpo.
- Realización de ritmos atendendo á intensidade. O mestre fainos con palmas, e os alumnos repiten con instrumental da aula (PAI).
- Interpretación vocal da panxoliña “Zumba, zúmballe ao pandeiro” e dramatización mediante xestos.
- Xogos de recoñecemento de fontes sonoras: cun pandeiro tocamos e desprazámonos, e os nenos cos ollos pechados terán que sinalar onde estamos.
- Visualización dun conto musicado “O lobo e os tres porquiños”. Tentamos musicalizalo dun xeito moi sinxelo (por exemplo, tocando forte cun pandeiro cando o lobo pete na porta, etc...).
- Canción: “Cos animais que hai na festa”.

ACTIVIDADES DE REFORZO:

- Explicación minuciosa e por partes dos pasos das danzas.

- Lectura previa e recitado da letra das cancións que vaiamos cantar.

2º TRIMESTRE:

OBXECTIVOS:

- Descubrir as posibilidades e acción e expresión corporal.
- Controlar xestos e movementos ao realizar bailes.
- Descubrir o xogo como medio que favorece o respecto ás demais persoas.
- Interpretar vocalmente cancións sinxelas.
- Diferenciar sons graves e sons agudos.
- Apreciar os elementos significativos da nosa cultura (entroido).
- Expresarse creativamente a través das diferentes manifestación artística.
- Desenvolver sentimentos de autoconfianza nas producións artísticas.

CONTIDOS:

- Potenciación da construción do esquema corporal.
- Participación en xogos de actividade motriz.
- Interpretación vocal de cancións.
- Incorporación de pautas adecuadas de comportamento.
- Sons graves e agudos.
- Tradicións galegas: o entroido.
- Exploración das posibilidades sonoras da propia voz e do corpo.
- Gozo cos xogos e obras artísticas.
- Creación de movementos a partir de músicas.
- Realización de danzas grupais.
- Realización de ecos vocais e instrumentais.

RECURSOS E MATERIAIS:

- Teclado eléctrico.
- Instrumental Orff.
- O propio corpo (percusión corporal).
- Ordenador.

ACTIVIDADES:

- Debate sobre o que é a paz, se a hai no mundo, como podemos contribuir a acadala...
- Interpretación vocal do “Himno á alegría”, de Beethoven, en lingua galega.

- Visualización dun video cos diferentes instrumentos musicais da orquestra. Observamos cales temos na aula e cales non e tocamos algúns ritmos cos instrumentos de percusión de altura indeterminada que temos na aula.
- Debatimos sobre o que é o Entroido. Como o celebramos? Como o celebran noutros lugares?...
- Cantamos a canción “Entroido entroideiro” e acompañámola con palmas e instrumentos de percusión de altura indeterminada.
- Xogo no que os alumnos se moven ao ritmo da música. Cando o mestre toca sons moi agudos eles tocan palmas por enriba da cabeza, e se o mestre toca sons moi graves tocan palmas contra o chan.
- Visualizamos un conto musicado: “Chocolata” e cantámolo.
- Na pizarra dixital realizamos un xogo (na web de MUSICAEDUCA), onde temos que asociar 8 imaxes cos 8 sons que producen.

ACTIVIDADES DE REFORZO:

- Recitado previo das cancións antes de cantalas.
- Repaso ao final de cada un dos debates das ideas principais e do que sacamos en limpo.

3º TRIMESTRE:

OBXECTIVOS:

- Descubrir as posibilidades e acción e expresión corporal.
- Controlar xestos e movementos ao realizar bailes.
- Adecuar os noso movementos aos dos nosos compañeiros.
- Relacionarse coas demais persoas dun xeito equilibrado, adquirindo pautas de comportamento social.
- Comunicarse oralmente e cantar nas dúas linguas oficiais con diferentes propósitos.
- Expresarse creativamente a través das diferentes manifestación artística.
- Desenvolver sentimentos de autoconfianza nas producións artísticas.
- Interpretar vocalmente cancións.
- Realizar danzas colectivas.
- Coñecer algúns dos instrumentos da aula e doutras partes do mundo.

CONTIDOS:

- Potenciación da construción do esquema corporal.
- Participación en xogos de actividade motriz.
- Interpretación vocal de cancións.
- Incorporación de pautas adecuadas de comportamento.
- Realización de danzas colectivas.
- Importancia da música para a expresión de ideas, sentimentos...
- Coñecemento do instrumental da aula.
- Adquisición de normas de comportamento dun grupo.
- Interese pola exploración de obxectos e materiais.
- Utilización progresiva da lingua oral para comunicar ideas.
- Audición atenta de obras musicais.
- Os instrumentos do mundo.

RECURSOS E MATERIAIS:

- Teclado eléctrico.
- Instrumental Orff.
- O propio corpo (percusión corporal).
- Ordenador.

ACTIVIDADES:

- Interpretación vocal da peza “Os nenos de 5 anos”, e realización dunha coreografía sinxela para acompañala.
- Falamos sobre os instrumentos que temos na aula, sobre como se tocan e practicamos con eles.
- Repetición de palabras: o mestre fará un ritmo coas sílabas de diferentes palabras, que os nenos deberán repetir correctamente.
- Vemos nun video algúns dos instrumentos típicos de Galicia. Preguntamos se os coñecen todos, se saben como se tocan, etc...
- Xogos de silencio: Os nenos pasearán en silencio pola escola e á volta anotaremos no encerado en dúas columnas: Sons agradables e sons desagradables que escoitamos.
- Repasamos algunhas das danzas, cancións, os instrumentos da aula ou os contos musicados que traballamos durante todo o curso.
- Canción: “O Xan pequeno”.

ACTIVIDADES DE REFORZO:

- En certo modo, o repaso do traballado xa supón un reforzo do aprendido.